

PREGUNTA DE AER SOBRE FUNCIONAMENTO EDAR DE REDONDELA

PLENO 26 XANEIRO 2012. ACTA 1/2012

No pleno do 25 de Agosto de 2011 presentamos unha moción conxuntamente con Esquerda Unida sobre a situación da Estación Depuradora de Augas Residuais de Redondela (EDAR) solicitando a adopción de diferentes medidas. Despois de debatir sobre o tema quedou esta sobre a mesa, comprometendose o Sr. Pazos Couñago a solicitar de inmediato un informe técnico á Xunta a través de Augas de Galicia para determinar as medidas necesarias a implantar para o correcto funcionamento da mesma.

Tamén o Sr. Alcalde informou que tiña pendente unha xuntanza co conselleiro de Medio Ambiente e un dos temas a tratar era o da EDAR.

Despois de pasados 5 meses dende que presentamos a moción preguntamos:

Data da solicitude do informe a Augas de Galicia e si existe algun tipo de resposta de dito organismo? Que solucións barallaron na reunión que mantivo o Sr. Alcalde co concelleiro de Medio Ambiente, no caso de que se celebrara?

O Alcalde di que o 16 de setembro tivo unha reunión co conselleiro e faláronse da depuradora e fixéronse unha reunión con Augas de Galicia en outubro ao obxecto de poder tratar tres cuestións: informe s/ soterramento da EDAR, posible eliminación de olores e posible cambio de ubicación. Señala que respostaron en outubro e parece que non é posible facer o soterramento na zona por mor das mareas. Considera que se fixéron algunhas actuacións e xa non hai tantos olores e están a ver alternativa ao lugar onde está.